



PARA NON COMETER OS MESMOS ERROS QUE COA ENERXÍA EÓLICA. Compostela, 20 de Nadal de 2007

. Os recentes anuncios encol da construción de dúas **“hortas solares”**

industriais por parte de investidores chineses e galegos, abre a veda do aproveitamento industrial da enerxía solar. ADEGA apoia o desenvolvemento das enerxías renovábeis, mais **non a calquera prezo**

. A experiencia que no noso país temos coa **enerxía eólica**

e o seu caótico desenvolvemento, é un exemplo de como unha tecnoloxía “limpa” remata causando graves

impactos ambientais

e importantes perxuizos á cidadanía.

O anterior **Plano Eólico** enaxenou de facto o millor do nosos recursos eólicos ás empresas do sector, pasando por riba dos intereses dos propietarios, comunidades de montes e concellos e desprezando a conservación dos valores naturais, mesmo nos espazos protexidos. Afortunadamente, o novo

Decreto Eólico do 13 de decembro

ven a subsanar algunha destas eivas, establecendo por exemplo

zonas de exclusión

-(artigo 26.2)

“quedan excluídos da implantación de parques eólicos aqueles espazos declarados como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais”

- ou a participación pública nos proxectos, o que anque tarde, fai xustiza cos hábitats da Rede Natura e cos habitantes deses espazos.

Por iso, resulta máis perentorio

regulamentar

o desenvolvemento da enerxía solar a nivel industrial, para garantir unha

planificación sustentábel

que respecte a diversidade natural e asegure o beneficio e a participación das

comunidades locais. Neste senso, os anuncios de **megaparques solares** en Galiza que investidores estranxeiros e galegos teñen feito nas últimas semanas, e o apoio institucional recibido, preocupan a ADEGA pola **falta de planificación** e posíbeis repercusións.

O proxecto da multinacional chinesa **Chint** ven da man de declaracións como que *"non hai límite aos investimentos"* ou *"podemos facer o que queiramos"*, e foi merecente do *"máximo apoio"* por parte da Xunta sen coñecer como, en que lugar e que **impactos** pode causar esta instalación. O outro proxecto recentemente anunciado é a **“horta solar” de Seteventos**, no Saviñao, de 103 hectáreas. Esta iniciativa de varios promotores galegos pretende producir 44 Mw/ano para reinvestir os beneficios nunha **urbanización de 230 chalés** para os seus socios!! (a ubicación desta urbanización permanece en segredo), iso sí, financiando tamén o Complexo Asistencial *"Terra de Lemos"*. Ao parecer este proxecto conta xa cun compromiso de financiamento do 10% por parte da Consellería de Industria.

Se xa é preocupante que se pretenda **financiar o ladrillo con kilowatios** solares, cómpre lembrar que esta enerxía está fortemente subvencionada... por todos/as nós. Non sería asumíbel que os **cartos públicos** serviran para financiar iniciativas urbanísticas privadas, por moito que se tenten disfrazar con actividades filantrópicas como complexos

asistenciais e outros.

ADEGA reclama da Xunta de Galiza que o desenvolvemento da enerxía solar fotovoltaica responda a unha

planificación sustentábel

que teña en conta criterios ambientais a atenda aos intereses dos habitantes das comunidades rurais, antes que ao beneficio empresarial. Non podemos permitirmos o luxo de desbaldir os recursos naturais do medio rural para convertelo nun

cemiterio solar

, como aconteceu coa enerxía eólica.

Finalmente, e fronte ao produtivismo a ultranza, ADEGA é partidaria do aumento da participación das renovábeis na produción eléctrica no marco dunha

política enerxética sustentábel e equitativa

que priorice o

aforro, a suficiencia e a eficiencia enerxéticas

. Tamén, as enerxías limpas entanto que alternativas, deberían substituír a aquelas outras fontes que consumen recursos finitos e son máis contaminantes e buscar o máximo beneficio para a cidadanía.